

Convocatoria 2025/26 para a avaliación e o recoñecemento de proxectos de innovación educativa en aprendizaxe e servizo da Universidade da Coruña

PREÁMBULO	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto da convocatoria	2
CAPÍTULO II. Composición, tipoloxía e requisitos dos proxectos de APS	3
Sección 1. Composición dos proxectos APS	3
Artigo 2. Persoal docente	3
Artigo 3. Persoal colaborador	3
Artigo 4. Estudantado participante	3
Sección 2. Tipos de proxectos APS e requisitos a cumprir	3
Artigo 5. Modalidades dos proxectos	3
Artigo 6. Requisitos dos proxectos	4
CAPÍTULO III. Procedemento de presentación de solicitudes	4
Artigo 7. Prazo de presentación de solicitudes	4
Artigo 8. Lugar de presentación de solicitudes	4
Artigo 9. Forma de presentación de solicitudes	4
Artigo 10. Documentación a incluír coa solicitude	5
CAPÍTULO IV. Revisión administrativa, valoración e resolución	5
Sección 3. Revisión administrativa das solicitudes recibidas	5
Artigo 11. Resolución administrativa provisional	5
Artigo 12. Resolución administrativa definitiva	6
Sección 4. Comisión e criterios de valoración	6
Artigo 13. Comisión asesora de innovación docente en APS (CAID-APS)	6
Artigo 14. Criterios de valoración dos proxectos	6
Sección 5. Valoración e resolución da convocatoria	7
Artigo 15. Resultado da valoración	7
Artigo 16. Resolución provisional	7
Artigo 17. Resolución definitiva	8
CAPÍTULO V. Recoñecemento e documentación acreditativa	8

Artigo 18. Recoñecemento para o profesorado	8
Artigo 19. Recoñecemento para o estudantado.....	8
Artigo 20. Recoñecemento para o persoal das entidades	8
CAPÍTULO VI. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.....	8
Artigo 21. Tratamento de datos persoais, deber de confidencialidade e exercicio de dereitos	8
Disposición adicional. Habilitación.....	10
Disposición final. Entrada en vigor	10

PREÁMBULO

A aprendizaxe e servizo (en diante, APS) é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e servizo á comunidade nun só proxecto en que as persoas participantes se forman ao traballar sobre as necesidades reais da contorna co obxectivo de melloralas, segundo se recolle no documento marco do programa de aprendizaxe-servizo na Universidade da Coruña (en diante, UDC), informado favorablemente en Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2017, e que está dispoñible na web¹ do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (en diante, CUFIE).

A APS é unha actividade que integra o servizo e o compromiso comunitarios significativos coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de habilidades a partir da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado é que os proxectos de APS sempre responden a resultados de aprendizaxe asociados a unha ou varias materias de titulacións oficiais ou estudos propios. Doutro lado, debe estar presente un proceso reflexivo que xere unha conciencia crítica e que anime ao estudantado a buscar unha sociedade máis xusta.

Valorárase positivamente que os proxectos inclúan a contribución da UDC para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS). Estes 17 obxectivos son parte da Axenda 2030, a través da cal os membros das Nacións Unidas se comprometen con tales principios básicos para abordar os desafíos globais que enfrontamos a diario, como a pobreza, a desigualdade, o clima, a degradación ambiental, a prosperidade, a paz e a xustiza.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

1. A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (en diante, VTI) e a Vicerreitoría de Campus de Ferrol e Responsabilidade Social (en diante, VCFRS) promoven conxuntamente esta convocatoria co propósito de avaliar, recoñecer e incentivar ao persoal docente e colaborador, ao persoal das entidades e ao estudantado que participara

¹ <https://www.udc.es/cufie/INNOVACION/aps/Documentacion/>

en proxectos de innovación educativa que empregaran a metodoloxía de APS durante o curso académico 2025/26.

2. Os proxectos de APS terán que estar vinculados a unha ou varias materias de titulacións oficiais ou de títulos propios da UDC.

3. Esixirase que o proxecto dea resposta a resultados de aprendizaxe previstos na memoria de verificación do título correspondente, nas guías docentes ou nos documentos que, de ser o caso, desempeñen a mesma función.

CAPÍTULO II. Composición, tipoloxía e requisitos dos proxectos de APS

Sección 1. Composición dos proxectos APS

Artigo 2. Persoal docente

1. Cada proxecto de APS deberá contar con unha ou varias persoas docentes, que deberán pertencer á UDC e, cando menos unha, figurar no POD de cada unha das materias nas que se desenvolve o proxecto de APS.

2. Sempre que haxa máis dunha persoa docente, será obrigatorio especificar a contribución concreta de cada persoa.

3. No caso dos TFG e TFM o persoal docente estará formado polas persoas que dirixan os traballos e deberán pertencer á UDC, sen que sexa imprescindible que figuren no POD.

Artigo 3. Persoal colaborador

1. Poderán participar como máximo catro persoas colaboradoras, pertencentes ou non á UDC, sempre que desempeñen un rol relevante no desenvolvemento do proxecto.

2. A contribución concreta de cada persoa colaboradora deberase xustificar mediante probas gráficas e/ou documentais.

Artigo 4. Estudantado participante

O estudantado participante deberá estar matriculado na materia ou materias nas que se desenvolva o proxecto de APS.

Sección 2. Tipos de proxectos APS e requisitos a cumprir

Artigo 5. Modalidades dos proxectos

Establécense tres modalidades de proxecto de innovación educativa en APS:

1. Modalidade A. Proxectos novos no marco de titulacións oficiais da UDC que se desenvolveron por primeira vez durante o curso académico a avaliar.

2. Modalidade B. Proxectos de continuidade desenvolvidos durante o curso a avaliar, que fosen avaliados positivamente en convocatorias anteriores e que manteñan o mesmo título (agás indicacións puntuais como, por exemplo, o curso no que se desenvolve o proxecto) e que manteñan polo menos un membro do persoal docente.

3. Modalidade C. Proxectos que realizen a súa actividade de APS no marco de títulos propios da UDC durante o curso académico a avaliar.

Artigo 6. Requisitos dos proxectos

Serán avaliados os proxectos de innovación educativa en APS que cumpran todos os requisitos que se especifican a continuación:

1. Que fosen realizados ao longo do curso académico 2025/26. No caso dos TFG e TFM, deberán estar defendidos no dito período. Se non estivesen defendidos antes do remate do prazo desta convocatoria, poderán presentarse á convocatoria 2026/27.
2. Que fosen desenvolvidos en colaboración con entidades coas que se subscribiu un convenio de colaboración e se asinou o anexo ao convenio correspondente. Este requisito non é de obrigado cumprimento para os proxectos que fosen desenvolvidos coa comunidade universitaria como destinataria ou sexan proxectos de sensibilización e educación para a cidadanía global, sempre que respondan a unha necesidade social de carácter xeral debidamente xustificada.
3. No caso de que se asine o convenio de colaboración, o PDI deberá recompilar e custodiar os consentimentos para a obtención e o tratamento dos datos persoais de todo o alumnado.
4. Que estivesen claramente enmarcados no contexto curricular dunha ou varias materias de titulacións oficiais ou de títulos propios e que contribúisen ao logro de resultados de aprendizaxe asociados ás materias nas que se desenvolveu o proxecto.
5. Que respectasen o estipulado na sección 1 en canto á súa composición.
6. Que integrasen o servizo e o compromiso comunitarios coa aprendizaxe curricular a partir da práctica reflexiva.

CAPÍTULO III. Procedemento de presentación de solicitudes

Artigo 7. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación estenderase desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na Sede electrónica da UDC até o día 05/10/2026.

Artigo 8. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse exclusivamente a través do Rexistro Electrónico da Sede electrónica da UDC². No formulario do rexistro electrónico, no campo “destinado a”, débense seleccionar “servizos” e “CUFIE”. Calquera documentación entregada por outras vías non será admitida excepto que fose previamente autorizada polo CUFIE.

Artigo 9. Forma de presentación de solicitudes

A solicitude será presentada por un membro do persoal docente ou colaborador do proxecto que pertenza á UDC.

² https://sede.udc.gal/services/telematic_register

No caso de que no proxecto participe persoal colaborador e/ou máis dunha persoa docente, a persoa solicitante terá a obriga de:

- a) Informar do establecido nesta convocatoria ao resto do persoal docente e colaborador do proxecto.
- b) Recompilar e custodiar os consentimentos para a obtención e o tratamento dos datos persoais do persoal responsable e colaborador. Esta documentación poderase solicitar en calquera momento unha vez finalizado o período de presentación de solicitudes.

Artigo 10. Documentación a incluír coa solicitude

1. Os modelos dos documentos especificados neste artigo están dispoñibles para a súa descarga na páxina da convocatoria na web do CUFIE³. As solicitudes que non respecten estes modelos serán excluídas do proceso de avaliación.
2. Modelo de solicitude debidamente cuberto e asinado electronicamente pola persoa que presente a solicitude. Deberanse especificar de forma correcta e completa os datos de identificación de todo o persoal que participa no proxecto APS debido a que esta información é a que se empregará nos documentos acreditativos de méritos.
3. Na solicitude incluírase unha ligazón a un único cartafol compartido no OneDrive ou no Sharepoint da UDC, con permisos de lectura e descarga, accesible a todo o persoal da UDC por un ano (ou o máximo que permita a plataforma) que inclúa as evidencias xustificativas da realización do proxecto (fotografías, presentacións ou vídeos divulgativos, resultados de enquisas, actas de reunións etc.) que non estean publicamente dispoñibles na Internet. Unha vez publicada a listaxe definitiva de solicitudes avaliadas poderase desactivar esta ligazón.
4. Anexo ao convenio de APS debidamente cuberto e asinado, de ser o caso, pola/s entidade/s participante/s.
5. No caso dos TFG e TFM, deberá acreditarse documentalmente a defensa do traballo, por exemplo, mediante a certificación de dirección do traballo ou ligazón ao RUC.

CAPÍTULO IV. Revisión administrativa, valoración e resolución

Sección 3. Revisión administrativa das solicitudes recibidas

Artigo 11. Resolución administrativa provisional

1. O CUFIE revisará administrativamente todas as solicitudes recibidas para asegurar que se axustan aos requisitos establecidos na presente convocatoria.
2. Listaxe provisional. O CUFIE publicará, na Sede electrónica da UDC, a listaxe provisional de solicitudes admitidas a valoración, e tamén as excluídas xunto coa causa correspondente.

³ <https://www.udc.es/cufie/INNOVACION/aps/Convocatorias-de-certificacion-de-proxectos-ApS/>

3. Reclamación á listaxe provisional de solicitudes admitidas a valoración. Contra a listaxe provisional poderase presentar unha reclamación, ante a persoa que dirixa o CUFIE, no prazo de dez días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe provisional. A dita reclamación presentarse exclusivamente a través da mesma vía que a solicitude.

Artigo 12. Resolución administrativa definitiva

O CUFIE revisará todas as reclamacións recibidas, de ser o caso, e publicará, na Sede electrónica da UDC, a listaxe definitiva de solicitudes admitidas a valoración, e tamén as excluídas xunto coa causa correspondente.

Sección 4. Comisión e criterios de valoración

Artigo 13. Comisión asesora de innovación docente en APS (CAID-APS)

A valoración dos proxectos será levada a cabo pola Comisión asesora de innovación docente en APS (en diante, CAID-APS), que estará formada polas seguintes persoas:

1. Presidente/a: persoa encargada da dirección do CUFIE ou en quen esta delegue.
2. Secretario/a: Persoa do equipo técnico do CUFIE designada pola dirección deste.
3. Vogais:
 - a) Persoa encargada da dirección da Oficina de Cooperación e Voluntariado (en diante, OCV) ou en quen esta delegue
 - b) Persoa do equipo técnico da OCV designada pola dirección desta.
 - c) Cando menos un membro do PDI da UDC que participara nalgún proxecto de APS da UDC e que non presentara ningún proxecto na convocatoria actual. Estas persoas serán nomeadas pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización a proposta das direccións do CUFIE e da OCV.

A composición da comisión publicarse na páxina web do CUFIE. De concorrer algunha causa que impidise actuar a algunha das persoas nomeadas, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización nomeará unha persoa suplente.

Artigo 14. Criterios de valoración dos proxectos

Criterios obrigatorios no caso dos proxectos das modalidades A e C:

1. Aprendizaxe. As aprendizaxes adquiridas están relacionadas co currículo académico do estudantado. Xustificarase adecuadamente a contribución do proxecto ao logro dos resultados de aprendizaxe das materias en que se enmarca.
2. Xustificación do servizo (só no caso de proxectos das modalidades A e C). Xustificarase adecuadamente que o servizo responde a unha necesidade social ou ambiental previamente detectada e acordada entre as partes.

Criterio obrigatorio para as tres modalidades:

3. No caso de proxectos con máis dun membro do seu persoal docente, xustificarase debidamente a implicación de cada un deles, que se fai un seguimento continuo de todo o proceso co estudantado e coa entidade asociada e achega evidencias.

Criterios complementarios:

4. Reflexión. A planificación do proxecto ten en conta tarefas de reflexión sobre o impacto e a calidade do servizo que se realiza e presenta evidencias (diarios de campo, enquisas, valoracións individuais do estudantado recollidas nunha memoria ou un traballo...) que demostran os cambios nos coñecementos, as actitudes ou as habilidades das persoas participantes.

5. Avaliación interna do proxecto. Planifícase a avaliación interna na formulación do proxecto. Recóllense evidencias da evolución do proxecto antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

6. Impacto. Número de entidades participantes, cantidade de estudantes implicados/as, número de persoas destinatarias do servizo, impacto social e ambiental de todos os axentes implicados, duración do proxecto, materias e docentes implicados/as etc.

7. Transversalización dos ODS no proxecto. Desde o inicio do proxecto, téñense en conta os ODS mediante a orientación da planificación das súas actividades ao desenvolvemento deles.

Sección 5. Valoración e resolución da convocatoria

Artigo 15. Resultado da valoración

Os proxectos poderán obter unha valoración de “apto” ou de “non apto”. Para seren valorados como aptos, os proxectos deberán cumprir as condicións seguintes con respecto a os criterios de valoración.

1. Proxectos de tipo A e C. Deberán obter valoración positiva nos criterios obrigatorios e cando menos en dous dos criterios complementarios.

2. Proxectos de tipo B: deberán obter valoración positiva en cando menos tres criterios complementarios.

Artigo 16. Resolución provisional

1. Listaxe provisional. A CAID-APS publicará, na Sede electrónica da UDC, a resolución provisional coa listaxe de proxectos avaliados e especificará, para cada un, se o resultado da valoración é apto ou non apto. Enviarase un informe xustificativo ao persoal docente dos proxectos valorados como non apto.

2. Reclamación á listaxe provisional. Contra a resolución provisional poderase presentar unha reclamación ante a persoa que presida a CAID-APS no prazo de dez días hábiles, que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional. A dita reclamación presentárase exclusivamente a través da mesma vía que a solicitude.

Artigo 17. Resolución definitiva

1. Listaxe definitiva. Analizadas as reclamacións, a CAID-APS fará pública a resolución definitiva na Sede electrónica da UDC.
2. Reclamación á listaxe definitiva. Contra esta listaxe definitiva caberá interpor un recurso de alzada ante a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva.
3. Os proxectos valorados como apto poderán achegar unha presentación divulgativa do proxecto de cara á súa publicación no Repositorio Universidade da Coruña (RUC).

CAPÍTULO V. Recoñecemento e documentación acreditativa

Artigo 18. Recoñecemento para o profesorado

1. O CUFIE recoñecerá documentalmente e de oficio a participación do persoal docente e colaborador dos proxectos avaliados como apto.
2. O recoñecemento especificará o nome do proxecto, a valoración, o centro no que se imparten as materias, e a relación de persoal docente e colaborador.
3. O recoñecemento será enviado á persoa docente que presentou a solicitude, quen llo fará chegar ao resto do persoal do proxecto.

Artigo 19. Recoñecemento para o estudantado

1. A OCV recoñecerá documentalmente a participación do estudantado do proxecto en base ao anexo ao convenio de APS.
2. O recoñecemento especificará o nome do proxecto, a valoración, o centro no que se imparten as materias, a relación de persoal docente e a relación de estudantado participante.
3. O recoñecemento será enviado ao estudantado participante.

Artigo 20. Recoñecemento para o persoal das entidades

A OCV recoñecerá documentalmente a participación do persoal das entidades participantes que figuren no anexo ao convenio ou ben no modelo de solicitude como persoal colaborador.

CAPÍTULO VI. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

Artigo 21. Tratamento de datos persoais, deber de confidencialidade e exercicio de dereitos

1. De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que nos facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados

baixo a responsabilidade do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: Edificio Xoana Capdevielle, primeiro andar, campus de Elviña, 15071 A Coruña, teléfono +34 981 167000, correo electrónico administracion.cufie@udc.gal.

2. Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa solicitante e, de ser o caso, todas as persoas que aparezan na solicitude correspondente:

a) Autorizan ao CUFIE e á OCV para a obtención e tratamento dos datos de contacto (nome, apelidos, enderezo de correo electrónico e número de documento de identidade (por exemplo, DNI ou pasaporte) e os méritos curriculares para efectos do establecido na presente convocatoria e a súa normativa reguladora.

b) Autorizan ao CUFIE e á OCV para o tratamento dos datos recompilados para a acreditación e recoñecemento da participación, resolución da convocatoria e para a realización de enquisas e elaboración de estatísticas con datos desagregados, coa finalidade da realización de memorias de calidade e acreditación dos resultados da actividade. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a resolución da referida convocatoria.

c) Consentén expresamente a publicación dos seus datos nas resolucións correspondentes, nos taboleiros físicos, na Sede electrónica da UDC e nos sitios web do CUFIE e da OCV, na forma prevista pola disposición adicional sétima da LOPD.

3. Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coas citadas finalidades cumprirán co deber de confidencialidade establecido no artigo quinto da LOPD.

4. Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coas citadas finalidades, excepto no que se refire ao recoñecemento da participación e resultados da actividade, que serán conservados indefinidamente.

5. As persoas interesadas terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, excepto que o tratamento dos datos se xustifique nalguna das outras bases de lexitimación contempladas no artigo sexto do RXPd no que respecta ao tratamento de datos persoais. En calquera caso, as persoas interesadas terán dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a opoñerse ao tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Asemade, terán dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís. Estes dereitos pódense exercer da maneira seguinte:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal>) no apartado «Outros trámites».

b) Mediante unha solicitude remitida á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC; Secretaría Xeral), presentada no enderezo postal: Reitoría da Universidade da Coruña,

rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañarase do DNI.

c) Mediante unha solicitude á delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá presentar unha solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC. A solicitude estará asinada e acompañarase do DNI.

6. Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Disposición adicional. Habilitación

Habilítanse ás direccións do CUFIE e da OCV para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación da presente convocatoria, e para ditar as instrucións que resulten precisas para a súa efectividade.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización